



Luís Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira, solicita:

A mellora da recollida de lixo en Corrubedo.

Exposición de motivos

Corrubedo conta cun enorme potencial turístico. O faro de Corrubedo, o parque natural, as praias, o porto, a gastronomía, as festas, etc son focos de atracción para milleiros de visitantes que cada verán se achegan ou veranean neste lugar.

Parece pois, que un entorno natural e turístico privilexiado como é Corrubedo, estea ben coidado polo Concello e se mire ata o máis mínimo detalle se queremos que turistas volvan e recomenden o lugar, pero tamén que veciños e veciñas teñan os dereitos que merecen.

Así e todo, parece que **o Concello de Ribeira está descoidando algo tan fundamental como é o servizo de recollida de lixo xa que vemos como a maior parte dos contedores que hai, poden botar varios días acumulando lixo e ata desbordados con bolsas por fóra.**

Como é posible que boten varios días os contedores con bolsas polo chan e desbordados en pleno verán? Sería lóxico que aumentasen a recollida.

Como é posible que se instalen contedores diante da praia do porto de Corrubedo?

Desde o BNG cremos que é algo que hai que coidar e que se ten que mellorar e por iso,

Solicitamos:

- 1. Que o Concello de Ribeira aumente os días e mellore a recollida de lixo, así como a limpeda dos contedores**
- 2. Que se busque un novo emprazamento para os contedores que hai diante da praia do porto e diante de restaurantes.**